

# A TOUBA DO BRIÓN

Equipo de Normalización lingüístico do IES Val Miñor

Nº4 Xuño 2009



## ÍNDICE

Soneto da Touba do Brión (2009)  
Time goes by  
O Samaín  
Visita á illa de S. Simón  
Relatos: *Unha historia de tantas* (Breixo Álvarez)  
*Naufraixio de Anne Galkin* (Mara Ríos)  
*Cántaros baleiros* (Liliana)  
*O 22* (Fernando Bartolomé)  
Presentación musical en Santiago  
Entrevista a Patricia Troncoso  
Poesía: *Necesidade de ti* (Iago García)  
Xosé Luis Franco Grande  
Letras Galegas 2009  
O IES Val Miñor en Waldkirch (Alemaña)  
Visita a Basilea  
Alemaña: Costumes, vida  
Visita a Estrasburgo  
Viaxe Comenius a Palma de Mallorca  
XV Edición de Ponte...nas ondas!  
O Sétimo Selo  
Cómics: *O home de ideas enxeñosas* (Aarón Siebert)  
*Canibal Letter* (Ricardo Esteban)  
*O Camiño* (María Pazos e Ana Rial)  
Viaxe a Lisboa  
II Olimpíada galega de Química  
Ata logo, Fernando  
Buratos negros, curiosidades sobre eles  
Darwin presente en todos  
A nanotecnoloxía  
A Reconquista de Vigo  
Pasatempos matemáticos  
O sistema escolar alemán  
Adiviña quen é quen.  
Boa sorte, Agostiño  
Fotos alumnos

# Soneto da Touba do Brión (2009)


Pousado na cima dun vello penedo  
contemplando as terras que rega o Miñor  
coas primeiras luces que brillan no ceo  
derretendo as tebras da noite anterior,

o brión espera que o sol ilumine  
as nubes que forman no ceo un fanal  
para retirarse, canso dos seus crimes,  
á touba máis fonda que agocha este val.

Xa son moitos anos, pensa o desalmado,  
que levo gastados nesta vida má  
de roubos, rapinas e asaltos armados.

Son moitas as mortes que a conciencia  
carga  
por non ser un dono do seu propio ser,  
por vivir a vida coa tarefa amarga

de causar a morte para non morrer.  
De vivir da carne fresca doutro ser.



# Time goes by

Un ano máis, é chegado o tempo de facer balance doutro curso que parece que se nos coa entre as mans.

Este ano foi marcado pola morte de Esther, a quen todos recordamos con agarimo. Sei que resulta tópico dicir, cando alguén morre, que era moi boa persoa, pero neste caso era ben certo.

*Tempus fugit*, pero fugit demasiado á présa, como sen dúbida reconecerá Fernando Bartolomé nestes momentos próximos á súa xubilación deixándonos orfos da súa verba fluida e amena. Sempre é unha mágoa perder a un brillante orador; anque, nos alegremos por el, e sabemos que non botará en falta a actividade porque seguirá con novos proxectos culturais.

Cando comecemos o vindeiro curso, tamén nos parecerá moi estraña a falta de Agostiño, despois de tantos anos entre nós; anque esta vez sexa por traslado. Discreto e moi eficiente, bo profesor e mellor persoa, esperamos que a súa marcha non sexa tamén unha perda de contacto. Non saben a sorte que teñen no seu novo centro.

No instituto tivemos este ano o noso "Guadiana particular": Marilís estaba e marchaba, aínda aqueixada da súa enfermidade. Todos confiamos que o vindeiro curso estea xa completamente recuperada e permaneza connosco durante todo o ano.

Non podemos deixar de desexar que o profesorado interino e substituto que estivo connosco este ano e que tan ben o fixo repita o vindeiro. E tamén botar de menos ao noso alumnado que termina ciclo e marcha do centro; esperamos que volten de cando en vez a saudarnos.

Este ano tivemos unha inxente cantidade de actividades realizadas que, por momentos, facía parecer que o centro se convertira nunha sucursal da ONU. Ademais das tradicionais viaxes a Lisboa en 1º de Bacharelato e da de fin de curso en 4ºESO, tivemos dúas excursións diferentes á neve, un intercambio con Alemaña, viaxes Comenius a Grecia, Alemaña, Mallorca e Rumanía, e aínda acabamos de recibir a dez alumnas inglesas. Sabemos que todo isto influiu na marcha do curso, pero estamos seguros de que as vantaxes son moito maiores que os inconvenientes e que na formación dos alumnos que participaron é un valor engadido importante.

Durante o mes de maio tivemos no centro unha xuntanza do proxecto Comenius na que participaron profesores e alumnos de Turquía, Austria, Mallorca, Grecia e Suecia. Esta reunión foi un éxito e, por unanimidade de todos os visitantes, cualificada como a mellor de todo o proxecto (seis en total). Sabemos que esta impresión foi especialmente debida á hospitalidade mostrada polas familias que participaron e polo esforzo de todos os que colaboraron: profesores, pais, nais e alumnos. A todos eles quero mostrarlles o meu máis intenso agradecemento.

O tempo flúe; aproveitemos estes días de lecer xuntando forzas para dar o máximo posible o vindeiro curso que seguro que será tan ou máis marabilloso que este que termina.

O DIRECTOR

# O SAMAÍN

Un ano máis os alumnos de 3º e 4º da ESO celebraron a tradición do Samaín en novembro, baleirando as súas cabazas que logo exporían á entrada do instituto; tamén elaboraron vistosos carteis nos que recolleron información sobre esta festa, así como algunha lenda.

Alumnos de 4º ESO aproveitaron o sol do outono para traballar no tallado das súas cabazas ao aire libre. Fixeron un bo labor de equipo. O resultado así o demostrou. Mágoa que houbera algún compañeiro do centro que non respectase o traballo doutros e se dedicase a extraer da exposición cabazas que, probablemente, non lle valeron máis que para amolar aos que participaron nela. A estes “rateiros espontáneos” invitámoslos a colaborar o próximo curso dunha maneira máis produtiva.

O Equipo de Normalización  
Lingüística.



# VISITA Á ILLA DE SAN SIMÓN



Os rapaces de 4º da ESO do instituto I.E.S. Val Miñor fomos en outubro á illa de San Simón, que pertence á parroquia de Cesantes, no concello de Redondela. Na actualidade está deshabitada.

Esta illa delimita cos concellos de Redondela e Vilaboa. A ela súmaselle outra, a de San Antón.

Unha vez alí, viñeron unhas monitoras. Tivemos que separarnos en dous grupos para que nos ensinasen a illa e o que a rodeaba. Fixemos tamén un xogo que se trataba de coller unha pinza de cores diferentes; cada cor representaba unha enfermidade.

Logo de coller as pinzas, a monitora díxonos que había unha enfermidade que non permitía saír, ao que a padecese, dun espazo limitado da illa.



Logo leváronnos á igrexa de San Pedro onde nos explicaron que se facía alí antes (os monxes, rezaban).

Quedamos abraiados cando nos dixeron que no cárcere tiñan un espazo moi limitado para durmiren os apreixados durante a guerra civil; dispuñan tan só duns trinta centímetros, non estaban nin deitados e a penas podían mover o pé. Ademais tiñan pouca hixiene e contaxiábanse todo uns aos outros, como por exemplo os piollos.

Moitas familias escribíanlles cartas aos presos da illa; moitas desas cartas chegábanlles censuradas ou simplemente non lles cegaban, xa que os gardas as lían primeiro e se algunha puña algo que non consideraban correcto eliminábano ou non daban as cartas.

Despois visitamos un cemiterio; e, por último, leváronos a un museo onde había fotos da xente que viviu alí na illa, cartas antigas deles...

Ao ver iso, pasamos a unha sala onde vimos un vídeo no que saían os animais e as árbores que só se dan nesa illa.

Foi unha visita ben interesante.

# RELATOS

## UNHA HISTORIA DE TANTAS

Premio no concurso de relatos de Santos e Nadal convocado polo equipo de Normalización Lingüística

Escoitade, escoitade. Abride a porta do corazón para sentir, máis alá de escoitar, esta e todas as historias. Unha historia verdadeira a pesar de que non sexa seguro que tivese lugar nunca ou nin sequera de que fose posible a súa existencia. Esta tampouco pretende dar unha lección ou contar un feito. É unha de tantas que simplemente nos queren facer viaxar, imaxinar, emocionarnos ou poida que só pretenda facernos pasar un bo momento. Pero unha historia, aínda que sexa aburrída, sempre ten algún efecto sobre nós e axúdanos a dar unha razón de ser á nosa vida. Isto, tan difícil de explicar, tan cheo de incongruencias e contradicións, é tan verídico como falso, polo que moitos o catalogarían de estupidez. Eu estou xa por enriba diso, tantos anos de existencia carrexo. Para min que os anos tornan horas, que escoitei tódalas historias contadas e máis me quedan por escoitar, calquera historia ten algo único. Por iso, ábrete se podes á historia ou actúa de espectador pasivo, máis permanece atento ao rítmico son das miñas ondas. Así cho pide o Océano Atlántico.

É coñecida por tódolos mariñeiros da Costa da Morte a lenda do barco dos defuntos. Di a lenda que a noite de defuntos reflota un barco xigantesco afundido en tempos inmemoriais do que se di que era o barco do deus grego Hades ou do demo, transportando nel as almas dos mortos nestas bravas augas, almas atadas a este mundo, que non poderán deixar este mundo ata que un humano vivo rompa o temón do barco coas súas propias mans. Tamén contaba a lenda que eses espíritos, unha vez no barco, víanse dominados por unha forza maligna que os inducía a confundir aos barcos para guialos ata os cantís, a envolvelos nunha mesta néboa e feitos semellantes. Iso contaba a lenda.

Nesta zona de Galicia, as lendas sempre foron moi respectadas e non se tomaban á lixeira. Os mariñeiros sempre tentaban evitar saír botar as redes os días malditos na tradición popular. Mais eran abundantes as ocasións nas que isto era imposible, xa que a fame e a necesidade obrigan, co que a existencia das traxedias relacionadas coas lendas (ou coas fortes ondas do revoltoso océano...) era continuada e estas historias cobraban forza aos ollos da xente.

Non obstante, non existe regra sen excepción, e polos arredores de Fisterra vivía un mariñeiro curtido chamado Cebrián, lobo de mar participante en mil e unha batallas, de conviccións férreas, coas cicatrices, tamén amorosas, que todo mariñeiro da súa condición debe ter, de aspecto rudo e carácter cortante e un pouco túzaro en múltiples ocasións. Vivía só e considerablemente lonxe da vila, nun cantil, preto do cabo. Na súa visión do mundo clasificaba as historias que chegaban a el, a pesar de non ser moi falangueiro, en verdadeiras e en "trapalladas". O primeiro grupo abranguía aquelas historias das que tiña constancia de que sucederan de verdade ou que cualificaba de cribles, e o segundo grupo comprendía, sen ir máis lonxe, as lendas, contos e similares, consideradas por el como

unha perda de tempo que endexamais xustificarian a realidade. Cebrián era o que se podería chamar un home práctico.

Chegados a este punto, xa podemos comezar coa narración da aventura.

Era día un de novembro, e Cebrián pasaba unha mala época. Nas últimas semanas o mar estivera moi picado e houbera varias tronadas, co que apenas puido saír pescar, e o pouco que conseguía non lle era suficiente, xa que aínda que fose tipo aforrador e vivise só, sufrira pouco tempo atrás un accidente co barco e o barco sufriu moitos danos que implicaron reparacións, nas que Cebrián tivo que investir gran parte do seu capital. Para compensar este custo, necesitou pasar as últimas semanas dedicándose enteiramente á arte da pesca.

A véspera da Noite de Samaín, anunciouse a través dos medios de comunicación que ese 30 de novembro chegaría á Costa da Morte acompañado dunha forte tronada, tanto en terra coma no mar. Este dato molestou a Cebrián a causa de que lle era de gran necesidade saír pescar para poder entregarlle a unha peixaría da zona a cantidade acordada entre eles. Nembargantes, Cebrián carecía totalmente de temor cara calquera tormenta galega posible segundo as súas propias palabras, comentario ao que, aínda que semellase pretencioso, non lle faltaba razón.

Polo narrado dedúcese claramente que el tomou a decisión de saír pescar ao día seguinte, por mais que Lois, un dos poucos residentes da vila que mantiñan relación con el, insistise en que ese día non levase áncoras, pois el tiña confianza nestas lendas e consideraba perigoso adentrarse no mar ese día. Á fin, todos os esforzos de Lois foron en van.

Chegou o día, e nada máis espertar, vestiuse, almorzou e foi ao porto onde o barco, lugar onde deixara todo preparado o día anterior. O barco chamábase *Galamatea*, nome dunha amada do seu propietario e conservábase como único recordo da súa vida anterior á estadía en Galiza. Chegara aquí a bordo de *Galamatea*, co desexo de instalarse definitivamente e pasar páxina, pero sen esquecer o seu pasado. O barco posuía unha peculiaridade salientable: tiña a forma típica dunha dorna, pero superaba de forma moi evidente o seu tamaño, xa que medía oito metros e medio de eslora e dous e medio de manga, case duplicando o tamaño habitual destas embarcacións. Aparentaba moi novo a causa das reparacións citadas anteriormente.

Xa no momento de partir advertiu que o mar estaba moi picado e as ondas erguíanse e caían como colosos cansados. A pesar do perigo, a situación que se daría no caso de que ficase en terra suporía tanto perigo ou máis, pois estaba sen branca, có perigo que representaba saír pescar a un mar que fora o seu hábitat natural durante un gran período de tempo.

E así partiu, tentando dirixir a embarcación cara a unha zona situada máis ao sur, onde as treboadas perdían forza e a pesca facilitábase pola abundancia de peixes. A súa intención virou imposible nada máis afastarse un pouco do porto a causa da forza das ondas, que se revelaban agora brazos de mar que xogaban co barco e a vida do seu único tripulante, iluminados pola luz dos lóstregos. Cebrián atopouse impotente ante a forza da natureza, mais continuaba loitando por sequera non afundir. Mais axiña tivo que aceptar a derrota e o seu obxectivo pasou a ser retornar de onde non debeu marchar, pero, quen é capaz de vencer o invencible?



Foi nese momento cando empezou a dominar a paisaxe a néboa, a cal foi cubrindo pouco a pouco a aterradora vista das xigantescas ondas por unha brancura infinita. Nembargantes, só era unha ilusión xa que o mar, o vento e o ceo seguían o seu baile sen que a súa música demoníaca deixase de soar. O abandono e o cansazo comezaban a dominar a Cebrián. Sentía a morte abafando na súa caluga esperando o seu momento, mais non abandonaba a fútil loita, pois, ¿ Acaso non tenta a formiga escapar do dedo dun neno?

A continuación o mar calou, o vento deixou de soprar e os lóstregos cesaron. Fíxose o silencio. O tempo e o espazo torceron ata deterse durante dous segundos. Entón soou. Un son doutro mundo, dun corno que non existiu nin existirá neste mundo. Un son no que se escoitan miles de historias de vidas de persoas que non tiveron a vida que quixeron ter, que o mar lles arrebatou. Un son único e imposible de esquecer. Un son que mata a esperanza. Un son que nos narra as desgrazas sucedidas o longo de toda a existencia. Un son que sempre existira neste mundo porque simboliza todos os males saídos da caixa de Pandora. Non era un son alegre.

Mentres o corno tocado pola morte soaba, a silueta do barco pantasma debuxouse na néboa ante os ollos de Cebrián. Semellaba o barco o lugar de procedencia do son ou a representación material do mesmo, ¿quen sabe?. Espectro do son ou barco, era descomunal, e todo el transmitía unha sensación de tristura e desaforo. Por toda a súa agrisada superficie reflectíase a desesperanza dos seus pasaxeiros.

Tal era a tristeza e desesperanza que transmitían aquel son e o barco, que cando unha gran onda apareceu ante el, cando se rompeu o feitizo, disposta a esmagalo, cando a morte ditou a súa sentenza e dispúxose a executalo, Cebrián non se arrepeniu de deixar este mundo.

De Cebrián nunca se volveu saber nada, algúns poucos mesmo deron en pensar que decidira marchar e comezar outra vez. Pero a maior parte da xente sabe que o levou o barco pantasma, coma a tantos outros. O que non saben é que, se algún día un valente rompe o temón dese barco, librarémonos do mal e viviremos no paraíso. Heroe, aquí agardamos todos, algúns sen sabelo. Loubado sexa o día inexistente da túa chegada. Porque ti, heroe, estas feito de esperanza.

Aquí finaliza esta historia e comezan outras. Eu, que como océano perdurarei ata a fin dos tempos, seguirei co meu eterno contar. Para escoitar as miñas historias só terás que achegarte a min e abirme o teu corazón.

Breixo Álvarez Domínguez 3ºESO B

## **NAUFRAXIO DE ANNE GALKIN**

*Premio no concurso de relatos de Santos e Nadal convocado polo equipo de Normalización Lingüística*

Praia ó atardecer. Anne Galkin séntase próxima á ribeira. Soterra os pés na húmida area, pecha os ollos e sorrí. Unha brisa mariña bica o seu rostro, acaricia o seu cabelo. O mar susúrralle poemas ó oído. Ten unha perna adormecida, pero érguese sen dificultade; séntese segura de si mesma, pero fráxil; sabe que a mesma brisa que a acaricia pode derrubala en calquera momento. Sabe que está soa, desprotexida.

Aproxímase á beira. Somerxe a súa aluada man na fría e tallante auga do océano. Un calafrío rompe o sorriso, corrompe o seu soño. Leva as dúas mans á face e dise adeus a si mesma. Un raio de sol faina pensar en Otto, no seu fogar. Pensar na súa vida, na súa morte. Anne Galkin pensa en si mesma. Colle unha lixeira cantidade de area mollada e faina xogar entre os seus delicados dedos. Un suspiro escapa dos seus beizos.

Camiña cara o mar. Sente o derradeiro calafrío cando a auga lle molla os tornecelos. Recorda que non recolleu a roupa do tendal e que non rematou de facer a lista da compra. Avanza cada vez máis paseniñamente. A roupa pésalle; está cansa. A auga bica o seu pescozo. Pecha os ollos, pero a luz cólase neles. Non sorrí, non chora. Abre os seus mares azuis e observa o aínda deslumbrante disco solar. Unhas nubes rosadas fan da súa morte un marabilloso esplendor. Anne Galkin da un derradeiro paso, desaparecendo co postreiro raio de luz, co pesado abrigo, ca lista da compra sen rematar e co remordemento de non levarlle a Otto as flores o día seguinte.

Son as sete da mañá, pero Berlín leva tempo activo. Anne Galkin esperta do seu soño na cama de matrimonio. É sábado, mais ten unha xunta cos redactores. Está cansa; o seu corpo, a súa ánima. Observa como o frío vento de inverno entra pola xélida ventá e ondea as elegantes cortinas do cuarto. Érguese novamente sen dificultade, e diríxese á cociña. A súa tripa fai un chamamento case imperceptible. Camiña ata a fiestra e observa como os nenos acoden á escola e os coches ó centro. Como o mundo se move e a vida segue mentres ela segue alí de pé. Anne Galkin, as súas zapatillas vellas e a bata berlinesa senten o desexo de botarse ó baleiro. Mais ten unha xunta, e antes que suicida, é responsábel. Dirixe os seus pasos cara o baño. Dúchase. Séntase fronte ó armario de ébano. Camisa de seda e abrigo de pel? Pon os ollos en branco e tómbase na cama. A Anne Galkin pésanlle os anos.

Sae a rúa ben vestida e preparada, como a rutina lle marca. Esquece botar a chave. Gustaríalle comprar flores, bombóns, coma sempre. Anne Galkin sempre semella a mesma, pero Anne Galkin non é ela mesma.

Camiña amodo. Fai unha acelerada viaxe a través da súa mente. Non ten fillos, non ten can e xa non ten marido. Non se ten a si mesma. Repasa a súa traxectoria vital e sente o fracaso en cada célula do seu corpo. Cando morra, ninguén chorará por ela. Ninguén a lembrará. Anne Galkin é alguén, pero non é nada.

A falta de sombra anuncia a chegada do mediodía. Sobe ó Mercedes verde oliva que aparcou fronte a tenda de pianos e diríxese á xunta. Mira pola pequena fiestra do anticuado vehículo mentres o semáforo mantense en vermello. A cafetería da esquina está aberta. Aparca xusto enfronte, un home ábrelle a porta e sorrille mentres a axuda a baixar. Séntese frustrada, agoniada. Desexa meterse no tugurio o antes posíbel. Entra pola porta e percibe a punzante mirada da nova dependenta no seu lombo. Senta nunha mesa de madeira fronte a unha ventá e observa o seu coche. O seu Mercedes mirou deste mundo máis do que ela pode imaxinar, recorreu mais camiños e pode que incluso, viva mais ca ela mesma. Un par de kilos de metal ben postos son máis valiosos ca súa mente prodixiosa. Sente desprezo por si mesma, entristécese. Pide un café con leite para levar. Decide sacarlle ó sabio e experimentado vehículo o partido que nunca se sacou a si mesma.

Conduce durante tres horas. Non sabe se pola necesidade de calmar o seu lume interno ou pola ansia de illamento. Precisa ir lonxe, a onde ninguén a coñeza. Da caóticos círculos arredor da cidade, mais cando Anne Galkin está a piques de chegar a conclusión de que está excesivamente cansa e triste como para desaparecer do panorama periodístico,

decide pois, deixar de dar voltas e dirixirse á xunta. A Anne Galkin ninguén a entende. Ninguén quere entendela. A xente cre que alguén como Anne Galkin non precisa comprensión allea.

Aparece pois, un inmobile branco e puro, adornado con columnas xónicas rosadas que contrastan co verdoso tellado que se cerne sobre elas. Unha brisa de plena escuridade a envolve. Chega tarde.

Son as catro e dez minutos da tarde. Abre a porta principal. A súa ánima descende ata o inframundo cando ve a ostentosa escalinata. Os cadros rechamantes cobren as sinxelas paredes. Ela cre que estarían mellor núas, pero Anne Galkin non é decoradora. Despois dunha eternidade, consegue superar o postreiro escalón. O silencio forma unha espesa néboa no corredoiro. Accede a unha das numerosas salas que asoman.

O principio non ve nada. Non escoita nada. Pensa que é a primeira en chegar. Unha deslumbrante bágoa humedece as súas meixelas. Sorrí. “Estou morta” dise cara si. “Estou realmente morta” repítese felizmente. Otto érguese dunha das cadeiras. Ten o mesmo aspecto, a mesma pulcritude. Camiña sen dicir verba algunha. Non é preciso que diga nada pois, unha mirada tan penetrante como aquela chega mais aló do que calquera palabra pode. Xuntan as mans e bícalle a fronte. Abrázanse. Saen da sala e percorren o corredoiro ausente de néboa. A escalinata non parece tan empinada como antes. Báixanna sen dificultade e precipítanse ó exterior. Anne bótalle unha última ollada ao edificio. Xa non lle parece tan lúgubre. Otto aínda lembra o coche. Sobe na parte dianteira e dispónse a conducilo. Anne sorrí.

Sobre as sete da tarde, chega a parella ó cemiterio. Unha lúgubre e numerosa reunión social estase celebrando. Anne Galkin, xunto co seu amado Otto, acude felizmente ó seu propio funeral.

Mara Ríos 4ºE.S.O.

## **CÁNTAROS BALEIROS**

Liliana N. Monetti Rodríguez

Tres pingas de auga penetrando na áspera arxila foi a imaxe toda que viron as dúas nenas, asomando as súas cabezas ao interior do recipiente. Os xogos de infancia acabaran había tempo, para dar lugar a arduos traballos adultos, e por iso xa nin elas sabían que idade tiñan, se cadra trece, se cadra quince. Dúas ou tres pingas insignificantes sublimadas baixo un sol violento, que evaporaba instantaneamente as bágoas das súas angustias.

Unha longa camiñada é o que segue, sobre a terra crebada e erma, até algunha poza temporal onde encher as súas vasillas con centos desas pingas turbias, de entre outras miles. Dez quilómetros de marcha esgotadora para que nin sequera pudiesen ver reflectidas as súas fermosas faccións sobre a superficie da poza. Dez quilómetros de retorno coa auga ás súas costas; coma nubes de chumbo, coma estoupido de ñus e cebras sobre as súas vértebras, seguían a ese reflexo ausente.

Mil veces lles repetiran que a auga é necesaria, que é imprescindible ir buscala. Mais témena, porque temen a marcha en soidade seguindo as pegadas da calor, esa

peregrinación sobre un chan que se retrae, debuxando figuras xeométricas cuxos lados contaran: ás veces eran cinco, ás veces seis.

Non hai escolas nas súas vidas, nin libros, nin xoguetes, non pintan arcos da vella de cores, nin repiten tres por catro doce, tres por cinco quince...

Tres meses despois chegaría a axuda humanitaria e as bombas de auga prometidas serían o incomprendible avance tecnolóxico que os do norte considerarían nas súas casas coma unha antigüidade. Unha delas, porén, sentirá que xa é tarde, porque o seu lombo se encorvou irremediabilmente, coma coiro reseco tendido ao sol, coma os cultivos que agonizan baixo o sol abrasador.

Entón haberá que agardar outros tres meses, ou tres anos, ou talvez unha vida, para que máis axuda humanitaria intente reparar con médicos e cirurxía o que se podería ter evitado naquela inocente flor murcha de catorce anos, que se cadra ten dezaseis.

## O 22

Para mis compañeras Nieves y Rosa  
A dentelladas secas y calientes. M. Hernández.

Como todos os días, pola mañá atópome con varios compañeiros de 4º para ir camiñando cara ao instituto. “Agustinillo”, o meu compañeiro de mesa, guedelludo, corpudo e de cara chea. O Barbián, de caveira arredondada, esbrancuxado e barbirroibo, sempre con medo a todo. Andrés, o Carilindo, polo que todas as rapazas devecen, e eu, Abel, ao que non sei ben por que o profesor de Lingua bautizou como Hermóxenes e así me quedou.

Case somos veciños e saímos cedo, para ir latricando tranquilos; atravesamos o polígono industrial de Porto Molle, ateigado de empresas e sempre pasamos por un lugar marabilloso, chamativo, di “Agustinillo” que axusta as palabras. En realidade, nunca entramos e dende a rúa case non podemos ver nada e debe ocupar polo menos tres campos de fútbol. Está rodeado dun paredón altísimo, pero unha reixa flanquea a entrada. A través da reixa podemos ver estacionados ducias de autobuses estragados. Di o meu vello que cando os buses teñen un accidente ou o choque é moi grande, de sinistro total, moitas veces non convén arranxalos porque é moi caro, entón remólcenos até ese depósito e úsanos como repostos para outros vehículos. Mesmo algúns os traen de moi lonxe. É un cemiterio.

A verdade é que só vimos entrar ou saír a un *segurata* que chega polas mañás a aí queda todo o día até que pecha pola noite. Antes había certa actividade, pero dende hai varios meses alí só se ve ao garda.

Para nós é como un inaccesible parque de diversións ao que miramos coa pretensión de podernos coar sen pagar entrada, pola cara, di o Barbián. Cada día que pasa estase convertendo no noso único tema de conversación, o fodido cemiterio de buses. Que por onde se poderá entrar, que qué pasaría se saltásemos a reixa, que se haberá garda

nocturno, que sería un bo sitio para botar uns *petas*... e así continuamos divagando sobre a posibilidade de introducirmos no prezado depósito vehicular.

Pola tarde, ao volver da clase, vimos que o *segurata* estaba pechando a reixa e logo marchaba camiñando a modiño cara ao seu coche aparcado enfronte.

O Carilindo viu axiña unha oportunidade:

-E se entramos? - preguntounos entusiasmado.

-Non, mellor marchamos –dixo o Barbián ponendo eses ollos de cordeiro degolado.

-Si! Vamos dentro! –Sorpréndome hoxe lembrando o meu entusiasmo babeco.

E mirei o reloxo e vin que aínda era cedo. Total! Canto tempo tardariamos en dar unha volta? Con unha hora chega e sobra, pensei.

Andrés xa estaba subido ao alto da reixa e ofrecíanos unha man para axudarnos a rubir. O Barbián era un gato e subiu en dous saltos, pero sen deixar de protestar e “Agustinillo”, coma sempre, foi o último, pesaba moito e eu tiven que botarlle unha man. Enganchou a perna nunha cimbra e mentres agatuñaba repetía: -Vannos pillar, van vir os *monos* e vannos dar unha man de hostias, como se fósemos rumanos roubando cobre.

Andrés encabuxado con tanta leria berroulle:

-Cala xa ou marchas!

Xa estabamos todos dentro. Era un paraíso. Autobuses de todas as cores e modelos, de todas as liñas, todos feridos en horribles accidentes. Algúns había moito que estaban alí, polas carrozarías enferruxadas. Outros parecían máis recentes. Había varios incendiados.

Chamounos a atención o Coia-Porta do Sol. Todo o frontal e o costado dereito desfeito. Que pasaría? Non quedaba unha ventaiña sa dese lado e os asentos, tapizados en gutapercha negra, estaban destrozados. O accidente debeu ser terrible.

O ATSA de Baiona estaba medio inclinado, pero coas portas abertas. Era unha invitación e entramos a mirar. Todos menos “Agustinillo”, que quedou petrificado no medio do xigantesco dársena.

-Hostia! –lambrou o Barbián-, este foi o que se saíu da estrada en Chandebrito.

Unha néboa mesta comezou a descender, calaba até os ósos. Que humidade!, pensei.

No interior atopamos entre os ferros retortos dos asentos desencaixados, un chupete, un zapato, unhas gafas rotas, un xornal, outro zapato de muller. Había cristais do tamaño do sal groso ciscados no interior. Unha botiña de bebé colgaba do espello retrovisor do chofer. Pensei que posiblemente eran as pertenzas perdidas dos pasaxeiros. Tamén había sangue. Nalgúns asentos.

Un berro alarmounos. Saímos disparados á carreira. Era “Agustinillo”.

-Algo se moveu aí detrás. Lisquemos xa! –dixo asustado.

-Andrés preguntou burlón: -Por onde?

-Detrás do Vitrasa 33. Vin algo que se movía. Quero marchar.

O Guapo díxolle: -Aínda é cedo. Vamos ver! –e saíu correndo cara ao sitio sinalado, seguido a pouca distancia por min que estaba encantado naquel lugar máxico. Eu tamén tiña ganas de ir investigar pero vin tan alterado ao “Agustinillo” que decidín dar a volta e quedar un anaco con el e ver que pasaba.

-Vai con Andrés! –díxenlle ao Barbián que andaba langraneando un pouco.

Transcorreron uns minutos e a impaciencia estábame afectando.

-E? –Berrei con todas as miñas forzas.

-Vide! –Sentíuse a voz de Andrés. Mirei aos ollos de Agostiño e díxenlle: -Vamos ver.

-Non! Non quero ir! –protestou.

-Polas boas ou polas malas –díxenlle e arrastreino contra a súa vontade.

Había un autobús novo, sen estrear, cos cromados relucentes e as lamias inmaculadas. Era o 22 Ourense-Barco de Valdeorras. Andrés e o Barbián acomodáronse no seu interior. Andrés estaba sentado ao volante cunha gorra na cabeza e unhas luvas que encontrara, como un chofer profesional. Subimos e sentámonos nos primeiros asentos. Todos ríamos divertidos. Até o “Agustinillo” parecía contento co descubrimento...

De súpeto oíuse un ruído de fol e as portas pecháronse automaticamente.

-Onde tocaches, cabrón? –berreille.

-Nada! Non toquei NADA! Xúrocho!

De súpeto prendéronse as luces.

-Algo fixeches! –farfallou o Barbián.

O Guapo sorprendido berrou: -Xúrovos que non, hostia! -E como se lle puxeran unha brasa no cu saltou da butaca do condutor para sentar xunta nós , nos asentos de pasaxeiros.

Mirámonos todos estrañados. Todos suabamos e o Barbián comezou a refregar as mans.

Non saíramos do noso abraio cando o motor comezou a ruxir. Pistóns, poleas. A panca de cambio moveuse como por arte de maxia e o automóbil comezou a avanzar lentamente polo dársena, conducido por unha man invisible. O chofer Pantasma meteu segunda e avanzou a maior velocidade. Logo terceira e finalmente pasou en poucos segundos a cuarta.

O bus avanzaba polo dársena, flanqueado por unha flota de vehículos silenciosos, a gran velocidade. Tiñamos que suxeitarnos fortemente nos asentos para non nos caer.

De súpeto vinme berrando como nunha atracción de feira e quedei enxordecido cos berros esgazadores que proferían a coro os meus compañeiros. Aos nosos berros sumáronse risos pantasmais que multiplicaron o pánico daquela experiencia descontrolada. De repente soou o timbre da porta traseira. O condutor Pantasma reduciu a velocidade, a porta traseira abriuse e pechouse en segundos para volver tomar velocidade rapidamente.

Os catro, espavorecidos sen saber que facer, viamos caer a tarde na nosa viaxe misteriosa a ningunha parte.

As voltas ao gigantesco dársena sucedíanse sen que pudiésemos facer nada para deter aquela carreira suicida.

Andrés, sempre cun punto máis de presenza de ánimo, comezou a arrastrarse polo corredor central e collendo a Agostiño polo brazo obrigouno a reptar buscando a porta traseira. De súpeto, escoltamos novamente o timbre de parada, era a nosa oportunidade de escapar.

Eles xa estaban preparados xunto á porta. O autobús reduciu a velocidade, freou e a porta abriuse. Andrés e Agostiño botáronse do vehículo. O Barbián e eu corremos polo corredor batendo contra os asentos, pero non cegamos a tempo. A porta pechouse co desventrado son dun órgano lánguido.

Eles xa estaban a salvo e mirábanos con ollos absortos desde o dársena. E nós continuamos a nosa viaxe apertando os barrotes até que os cotenos das miñas mans se puxeron brancos, alí estábamos xunto á porta traseira, entre as gargalladas dos espectros que nos acompañaban, coa esperanza de que soase o arelado timbre.

A noite achegábase cabalgando. Mentres tanto, Andrés e Agostiño arrastraron varios pneumáticos podres, latas de gasolina, bombonas de butano e cantos obxectos heteróclitos atoparon para lanzalos no medio desa pista macabra coa intención de deter ao Ourense-Barco de Valdeorras. Pero a Pantasma manobrou esquivando os obstáculos ou pasando por riba deles con destreza mentres lanzaba unha gargallada que soou coma un tambor descordado.

Pensei que xamais poderíamos abandonar aquela máquina sinistra xa que o timbre non volveu soar.

Viamos, volta tras volta, como Andrés seguía tramando a maneira de deter o autobús, mentres Agostiño choraba desesperado sentado na beirarrúa. Nunha destas, Andrés adiantouse uns metros da beirarrúa e mimando un aceno absurdo estarricou o brazo coa palma aberta. Inmediatamente, o chofer detivo a súa marcha e abriu a porta dianteira para permitir o seu ingreso. Pero Andrés non subiu. O chofer, enón, volveu acelerar en tola carreira.

Co Barbián corremos cara á porta dianteira e agardamos con ansia. Outra volta. Desde lonxe vimos como Andrés estalicaba o brazo nun novo intento por deter a aloucada marcha. O chofer volveu frear e abriuse a porta dianteira. Desesperadamente arrebolámonos fóra do vehículo e rodamos por terra. Estabamos a salvo. Un pouco mazados, pero vivos. Saímos correndo, agatuñamos pola reixa do portón e acadamos a rúa. Cando miramos cara a atrás o 22 Ourense-Barco de Valdeorras estaba estacionado no lugar de sempre.

Fernando Bartolomé.

(Catedrático de Lingua e Literatura castelá)

# PRESENTACIÓN MUSICAL EN SANTIAGO

**“ENTREVISTA MARÍA GARCÍA CABALLERO, historiadora.** O Consorcio e Alvarellos Editora publican “A vida musical en Santiago a finais do século XIX” ; a autora donará os dereitos a Médicos sen Fronteiras”

(*La Voz de Galicia*, 24/4/2009)

O 23 de Abril (día internacional do libro) tiven o gusto de asistir no Museo do Pobo

Galego na cidade de Santiago á presentación do libro da profesora do noso instituto Dna. Maria García Caballero titulado *La vida musical en Santiago a finales del siglo XIX*. A autora transpórtanos a unha Compostela na que a música trascende do epicentro da catedral a manifestacións máis laicas e urbanas ligadas ao Rexionalismo da época.

É un vasto estudo cheo de datos, anécdotas, nomes propios, costumes... dun tempo convulso no Santiago da época da Restauración.

O acto iniciouse e pechouse coas pezas “Os teus ollos” e “Negra sombra” dos compositores galegos Chané e Montes, interpretadas brillantemente por um violinista. Contou coa presenza dos membros do consorcio de Santiago e do seu alcalde o Sr. Don Xosé Sánchez Bugallo.


O lugar, Santo Domingo de Bonaval, a música e a exposición da propia autora do libro foron um regalo para a vista, o oído e a palabra.

Esse mesmo día outra nova: publicouse o libro de contos *Ceniza* do profesor Don Fernando Bartolomé. Da súa presentación agardo dar Fe.

NORABOA!!

E colorín, colorado este conto ten rematado.

Nieves Ibarra





## ENTREVISTA A PATRICIA TRONCOSO

Premiada no certame literario Conde de Gondomar.

Patricia Troncoso, alumna de 4º da ESO do noso instituto, é unha xove poetisa que conta xa con varios premios galegos. Trátase dunha lectora voraz, que estivo moi achegada á poesía dende cativa.

P: Como e cando comezou o teu afán pola lírica?

R: Supoño que arredor dos trece anos. Comentáronme o do concurso do Conde de Gondomar, e probei a presentarme.

P: Gustaríache adicarte á poesía?

R: Escribir poemas é un medio de expresión, non de vida.

P: Quen cres que influíu primordialmente na temática dos teus poemas?

R: Miguel Hernández, probablemente, é un autor que me gusta moito.

P: Como te sentes sendo xa galardoada por terceira vez consecutiva cun premio de poesía?

R: Pois como me vou sentir, moi contenta! Non contaba para nada gañar por terceira vez, xa que este ano estou no terceiro nivel.

P: Que fas exactamente cando vas compoñer un poema? É dicir: pos música, pensas en algo determinado...ou dirías que é inspiración?


R: Non fago nada en especial, supoño que é inspiración, porque se me quero sentar a compoñer algo, non sae nada de nada (intenteino máis dunha vez).

P: Falemos agora un pouco da túa opinión sobre a poesía en Galicia. Que opinas dos poetas galegos, teñen algún oco nas túas listas?

R: O certo é que pouco lin de poetas galegos, todo resúmese a Rosalía, Curros e Pondal, polo que non podo dar unha visión xeral propia.

P: Se tiveses que escoller a un poeta galego...?

R: Supoño que Méndez Ferrín.



P: Tes unha idea moi ampla da poesía e das letras en xeral, cres que a nosa poesía desempeña un papel pouco valorado en Galicia?

R: Si. O certo é que agora están de moda as novelas (best sellers) e xa ninguén le poesía (demasiados medios de entretemento), cada vez hai menos escritores neste xénero, na literatura actual moitos dos escritores adócense a inventar historias apaixonantes que enganchan ao lector, pero que á hora da verdade hai pouca literatura “real”, de calidade nesas composicións.

P: Cres que o abandono que está sufrindo o galego ten que ver coa ausencia de poetas do país?

R: Non, en absoluto. O abandono do galego é culpa de todos os que non falan a súa lingua, por unhas razóns ou por outras, isto é así, até eu mesma declárome culpable.

P: Se tiveses que adicarte á poesía, escribirías en galego ou en castelán?

R: Pois non o sei, xa que non teño pensado adicarme á poesía. Aínda así, se tivese que escoller entre as dúas, supoño que en galego, penso que é un idioma cunha grande forza na escrita.

Deamos moitas grazas a Patricia polo seu traballo e colaboración, e desexos de grandes éxitos no futuro!

Por canto tempo vive un home?  
É a pregunta que me fago,  
cando miro o teu retrato.

Que significa perderte?  
caer no esquecemento,  
nalgún recuncho da miña mente.

Non vou ser quen de soportar este sufrimento?  
Canto tempo perdurará este tormento?  
Non se acabará en ningún momento?


Que significa a túa partida?  
O final dunha vida,  
que me deixa escura e fría.

Por canto tempo seguirei chorando?  
Por non poder esquecer-te,  
por non poder deixar de quererte.

Hai unha pregunta que vaga pola  
miña mente:  
Que quere dicir para sempre?

Premio Poesía nivel 2  
Patricia Troncoso Alonso  
"POR CANTO TEMPO"  
IES Val Miñor

# POESÍA



# XOSE LUIS FRANCO GRANDE



Franco Grande glosó la figura de Ramón Piñeiro | ALEJANDRO MARTÍNEZ

## Una clase magistral sobre Ramón Piñeiro en Nigrán

NIGRÁN | Xosé Luís Franco Grande ofreció ayer una conferencia a los alumnos del IES Val Miñor de Nigrán sobre la figura de Ramón Piñeiro. El escritor tomiñés expuso una síntesis de la actividad política de Piñeiro desde el fin de la Guerra Mundial y hasta la transición. Insistió en la idea esencial de que este ilustre hombre de letras fue el gran animador

de la cultura gallega durante aquellos años. También les habló de la fundación de la editorial Galaxia y su influencia en esta labor transformadora que marcó una época en Galicia. La disertación estuvo organizada por el seminario de lengua gallega del centro, dentro de los actos programados con motivo de la celebración del Día das Letras Galegas.

# LETRAS GALEGAS 2009

## ENTREVISTA A RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ (1915-1990)

Ola chámome Ricardo Esteban González e hoxe vou entrevistar ao famoso escritor Ramón Piñeiro López.

Boss días, Ramón. Que tal está?

Boss días, Ricardo. Se che digo a verdade un pouco canso e baleiro. Baleiro de forzas, coma sen espírito.

Pero señor, por que o di?

Non che sei dicir..., xa estou moi vello.

Pero iso hoxe, deixámolo a un lado.

En primeiro lugar, falaremos un pouco de vostede, unha introdución da súa vida. Está de acordo?

O que ti queiras rapaz, es ti o que pregunta, eu só respondo.

Pois comezo:

Ramón é un escritor galego nado na provincia de Lugo en 1915.

En 1932, mentres estuda o bacharelato superior en Lugo, ingresa nas xuventudes do Partido Galeguista, onde axiña destaca a pesar da súa timidez.

Coñeceu entón a Ramón Otero Pedrayo (1888-1976), e chegou a ser elixido secretario do comité provincial para o plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia, en 1936. Loitou na guerra civil no bando nacional, e ao rematar a guerra fixo estudos de Filosofía e Letras na Universidade da Coruña.

Permíteme que che interrumpa, mozo, pero é que Filosofía e Letras estudeina na Universidade de Santiago de Compostela, non na Coruña.

Perdoa, tíñao mal escrito, unha errata. Síntoo moito.

Non ten importancia, son cousas que pasan.

Agora recordo: nun dos primeiros momentos, como integrante do partido galeguista, nun discurso, equivoqueime de papeis, collín uns dun compañeiro, ía falar sobre a lingua galega, e cando fun ver, trataban do problema dunhas vacinas fronte ás vacas. É increíble, pero foi así, ía con tanta présa que non me dei conta.

Non sabía eu iso, señor, moi interesante, e agora que saca o tema da lingua galega; que foi para vostede estar en contacto e falar da nosa lingua?

Se che digo a verdade, eu amo tanto á Galicia coma á súa lingua, coma á súa bandeira. Por iso, cando estaba no bacharelato, entrei no grupo galeguista, para representar a Galicia e

impoñer o noso pensar a todos eses grupos de persoas que din que Galicia non é nada, que a lingua non se usa e que non a fala ninguén.

Pode ser que se fale máis alemán, castelán, inglés, francés, chinés, etc, que o galego, pero unha gran parte de galegos, anos atrás, emigraron a países sudamericanos (Arxentina, México, etc.) Agora hai unha gran cantidade de galegofalantes en todo o mundo, así coma escritores; fíxate en Castelao, onde estivo moita da súa vida? Así que, en definitiva, eu estou moi contento de ter defendido a Galicia e á súa lingua.

Unha resposta moi contundente.

Seguirei. Hai xente que dicía que vostede era anticomunista ou ata axente da C.I.A. Que opina vostede?

Mentiras e máis mentiras. Un home que pasa toda a súa vida entregado ao seu país como é Galicia, como vai ser axente da CIA? Non digo nada máis.

Quería falarlle dunha cousa: vostede foi do grupo que fundou a Editorial Galaxia, que en pleno franquismo comezou a publicar libros en galego e sobre asuntos relacionados con Galicia. Vostede dirixiu a editorial e traballou nela ata 1966. Alí publicou en 1953, xunto con outros autores, o seu primeiro libro: "*La saudade, ensaios*" (Galaxia, Vigo 1953). Cal foi o seu sentimento ao pensar: teño publicado o meu primeiro libro.

Nos primeiros momentos, non sentín nada especial, fíxeno, colaborei, etc. Foi o día da publicación, ao ver nas tendas o noso libro, co meu nome impreso na capa e cunha breve introdución da miña vida.

Desde 1943 participou vostede na reorganización clandestina do Partido Galeguista, non é así?

Sí así é.

Acórdase vostede o que aconteceu no ano 1946?

Pois, desgraciadamente, si. Normalmente non o conto, pero por ti vouno relatar. Fun detido pola policía unha tarde, non me lembro agora; xa dixen que non me gusta dicilo.

Non hai ningún problema. Por favor siga.

Pois detivéronme e estiven tres longos e inacables anos alí metido nunha cela, de reixas enferruxadas e con pouca atención.

Con iso abonda, señor, non quero amolalo máis.

Xa estamos a rematar esta entrevista e quería facerlle unhas preguntas máis. Por que todas as súas obras se centran na filosofía da saudade?

É complicado, pero me gusta este concepto, darlle voltas, desde un punto de vista, doutro... Pregunto á xente e interésome por este tipo de cousas.

Vostede foi moi coñecido entre a xente?

Realmente non. Eu son moi tímido e non me gusta a fama. A min gústame defender os meus ideais.

E xa para rematar, cando e por que morreu vostede?

Eu, morrín no final do verán, ía moita calor. Foi o 27 de agosto de 1990, nun hospital no que levaba uns días ingresado por problemas.

Morrín a causa dunha insuficiencia hepática. Paseino fatal. Pero agora estou mellor. Xa sei que dixeran ao principio que non, pero é un deslíz. Falar do galego rexuenece ata aos mortos.


Moitas grazas señor Piñeiro. Foi un gran pracer entrevistarlle hoxe. Xa contactarei con vostede para facer outra máis en profundidade.

Non hai de que Ricardo, estiven moi cómodo contigo e non tería problema en repetir. Eu estou libre todo o tempo.

Adeus. E grazas de novo.

Até sempre.

RICARDO ESTEBAN GONZÁLEZ. 2º ESO A



# O IES VAL MIÑOR EN WALDKIRCH (ALEMAÑA)



Waldkirch

Como sabedes o IES Val Miñor participa en dous Proxectos Comenius: “**Diversity around us**” , 2007/08 e 2008/9, en asociación con: Adalskolan Kramfors [Kramfors, Suecia], BHAM und BHAS [Viena, Austria], Instituto Domenico Fioritto [S Nicandrio, Italia], Karditsa First School [Karditsa, Grecia], Yuzil High School, Sariller[Baçekoy, Turquía] e o IES Juniper Serra [Palma de Mallorca, España]

“**Climate change** “, **este último** a desenvolver os cursos 2008/09 e 2009/10 en asociación con: Geschwister Scholl Gymnasium [Waldkirch, Baden Wurtemberg- Alemania], St Andrews School [Irlanda], e o Colegiul Tehnic "Henri Coanda" [Tulcea, Rumanía

En xaneiro viaxamos un grupo de 8 alumnos e dúas profesoras ata Waldkirch, a 20 km de Friburgo, onde tivemos oportunidade de presentar o noso traballo: **A visión dende Galicia do cambio climático**. Falamos sobre as emissions dos gases que contribúen ao efecto invernadoiro que producimos en Galicia, das evidencias dos cambios no clima ata a data de hoxe, as previsións cara ao futuro e presentamos unha análise dos hábitos enerxéticos e actividades que nos, as nosas familias e o noso Instituto temos que nos fan responsables de boa parte destas emisións. Visitamos instalacións que empregaban sistemas para obter enerxía de xeito limpo e tivemos a oportunidade de ver como traballan para rebaixar as emisións dos gases do efecto invernadoiro. Pero, ademáis, nos divertimos un rato: visitamos Estrasburgo, Friburgo e tivemos, como no, algunha que outra festa. Pero mellor deixamos falar aos protagonistas da viaxe que contan as súas impresións.

Fala Breixo (3º B):

“A visita a Alemaña foi inesquecible. É unha experiencia que repetiría unha e outra vez. Alí o trato foi estupendo, coñecemos e relacionámonos con moita xente de culturas e idades diferentes. Para min, foi o mellor de todo. Todas as visitas foron interesantes e ben organizadas (excepto unha, todo hai que dicilo, un pouco “insulsa”, a unha estación verde). Pareceume algo curioso a sensación de estar a centos e centos de quilómetros do lugar onde vivo. Tamén se aportaron bastantes ideas acerca do tema central do Comenius, o cambio climático. Cada país expuxo como este lle afecta súa zona. En resumo... Oxalá se repita e faga unha e mil veces máis!”

Fala Alba Curra (3º B)

“Foi unha experiencia inolvidable . Ir a casa dunha familia alemana , poder comunicarse con eles, facer amizades, aprender tradicións , visitar lugares... E cómo non, presentar o traballo sobre o cambio climático do que aprendimos moito. Aínda que sexa un problema mundial, se cada un fai un pouco, o futuro poderá cambiar.

É un programa moi interesante o Comenius:educativo e divertido.”

Fala Paula Rocha (3ºB):

“As miñas impresións de Waldkirch son todas estupendas. Todo en xeral era moi diferente a miña vida aquí en Nigrán comenzando pola relación no colexio tanto entre os alumnos, coma cos mestres, alí o respecto era a base. Tamén a forma de traslado da xente, usaban moito o autobús, tren... pero o medio de transporte predominante era a bicicleta.

Na casa onde eu estaba, tamén gústome moito a forma de vida; máis relaxada, organizada... mesmo a alimentación era moito mais saudable. Sinceramente gustaríame vivir ali.”





Na foto aparecen dúas compañeiras alemanas, Maleen y Amelie, miña amiga Sheila e eu, Paula.



As bicicletas dos alumnos á porta do Instituto.

Fala Juan José Pérez (3ºB):

“A viaxe gústome foi moi bonito. Ir en avión me gusto bastante xa que era a primeira vez. O sitio era moi bonito, o malo é que facía moito frío. O que máis me chamo a atención da xente era que eran moi amables e aparte coidaban mailas cousas. Tamén me impresiono o instituto estaba moito mellor có noso e a pesar que aínda estaba en obras. A familia coa que estaba era moi amable.”

O certo é que a Juanjo o que máis lle gustou foi o coche eléctrico de Caludia, profesora de bioloxía do Gesester School Schuller.



Fala Sheila Fernandez (3ºB):

“O tempo que estiven en Alemania foi algo inesquecible, coñecer a xente de países distintos e aprender cousas sobre o cambio climático sobre sitios diferentes foi moi interesante. O que me chamou mais a atención foi que alí o reciclaxe tómase moi en serio, usan moitas veces os autobuses, o metro..., os rapazes teñen respecto aos profesores, o colexio esta sempre limpo e son moi educados nas clases. A xente que coñecín caeume moi ben e a miña experiencia foi moi boa.”



# VISITA A BASILEA

O venres 13 de marzo, pola mañá, saímos do instituto GSG en Waldkirch para dirixirnos á estación de tren. Tras coller varios trens, nun traxecto de dúas horas aproximadamente, chegamos a Basilea.

Encamiñámonos ao museo Tinguely onde tivemos que esperar media hora ata que abrise ás 11:00. Algúns quedaron ás portas do museo, onde había un xadrez gigante, e outros fomos á beira do río Rin. Ao fin puidemos entrar no museo. Deixamos as nosas chaquetas, mochilas e bolsos nas taquillas, e comezamos a visita. Por sorte, non tivemos ningún guía, polo que o percorrido era libre. O museo tiña catro plantas, así que as dúas horas que nos deixaron foron escasas, pero ben aproveitadas.



A arte de Tinguely vai dende cadros convencionais a innovadoras máquinas de son ou debuxo, pasando polas “Méta-Mécaniques” (relevos móbiles). A maior parte das súas creacións están feitas con obxectos cotiáns ou usados, ferramentas, pezas de coche, carros, ósos de animais, instrumentos de música, etc. En xeral, as súas obras resultan moi orixinais, polo que é moi interesante percorrer as plantas do museo en busca de sorpresas, tales como os botóns vermellos cos que contan algunhas das súas obras, que permiten

poñelas en marcha, e que o visitante interactúe coa arte.

Ao saír do museo, fixemos unha visita pola cidade de Basilea, onde vimos a catedral, o concello e algúns lugares importantes e coñecidos na historia de Basilea.

Pola tarde, tivemos tempo libre, que aproveitamos para comer (non moi economicamente, por certo), ir de tendas, descansar e, sobre todo, comprar chocolate.

A todos nos gustou moito Basilea, e desexariamos volver para coñecela mellor.



**Medea Müller Alonso (4ºESO A)**

**Sandra Alejos Fernández (4ºESO A)**

**Patricia Troncoso Alonso (4ºESO A)**

# ALEMAÑA: Costumes, vida.

Só dúas persoas do grupo estiveran en Alemaña antes do intercambio, pero a pesar diso, o que nos atopamos alí abraiounos a todos.

Os tópicos sobre Alemaña están extendidos de máis, e a nosa sorpresa ao chegar foi que moi poucos eran realmente acertados, e que, a excepción dunhas diferenzas, as nosas formas de vida no era moi diferentes.

Os alemáns, érguense tan cedo que ás veces nin o sol asoma, e iso que alí amanece antes. Almorzan tanto, e tan cedo, que ás veces non podíamos nin tragar do durmidos que aínda estabamos. Torradas, manteiga, leite, chocolate, nutella, froita... ás sete en punto! (e algúns incluso antes!).

En Waldkirch, a maior parte dos rapaces ían, a diferenza de aquí, en bicicleta ao instituto. Outros tantos chegaban en tren, xa que a estación quedaba moi preto, e despois estabamos os poucos que iamos camiñando.



En Alemaña o transporte público úsase motísimo máis ca aquí e o servizo é moito mellor, xa que son moi, moi puntuais (en caso de chegar con antelación esperan na parada uns minutos) e os transportes están en óptimas condicións, a diferenza de aquí, xa que os autobuses pasan cada día a unha hora diferente e en caso de chegar antes non esperan. Isto é unha pobra que demostra a famosa organización dos alemáns, e ese si é un tópico certo.



Os transportes que levaban ós nenos á escola estaban moi concurridos e todos os días había xente que tiña que ir de pé, en máis dunha

ocasión o condutor do autocar paraba o autobús e se aseguraba de que non houbera asentos balerios e que ninguén estivese de pé sen motivo.

No instituto, xusto cando entrabas, a man dereita, tiñan un taboeiro coas futuras faltas dos profesores: así poderían ir para casa, botar unha partida ás cartas ou mellor, unha partida ao fútbolín. Porque como xa saberedes todos, no instituto tiñan fútbolíns, e estaban impecables! Por suposto, tamén unha estupenda máquina de chocolate e café quentiño por cincuenta céntimos, e se querías que che devolvesen dez, só tiñas que introducir o vaso noutra máquina. Tamén contaban cunhas bonitas e decoradas aulas, debuxos nos corredores, exposicións, esculturas e ata un muro da fama.





O derradeiro día, cando fomos con eles a clase, observamos algo insólito: alumnos “calados” e profesores “distantes”, algo moi “típico” alemán. Serían aquelas clases normais? Tan disciplinados como “están”... o que nos chamou moito a atención foi que cando o profesor entraba na clase, todos os alumnos se levantaban e dicían ao son: “Bos días señor@....” E o apelido do profesor.

Cando os alemáns teñen tempo libre, dispoñen dunha sala con moitas mesas nas que poden estudar, comer,

charlar... pero moitas veces tamén están no patio, só cando hai sol claro, e alí tocan a guitarra, merendan...

Tiñan varios descansos para tomar as succulentas e abundantes merendas que traían en tapers á escola, cousa que nos abraiou a todos, xa que nunca nos imaxinaríamos facer iso na nosa escola...

Despois de estar dende as 7:50 ata as 13:00 alí, cada un ía cara ó seu respectivo fogar, mais ás veces algúns comiamos xuntos. En Alemaña, non utilizan nin manteis nin panos de mesa, e ninguén serve a ninguén (son moi “independentes”!) As ensaladas servíanse nunha cunquiña, e eran moi diferentes ás nosas: onde se viu aquí unha ensalada de repolo fervido?



Outra cousa con respecto ás comidas: en Alemaña todas as bebidas eran gaseadas...cousa que nos irritou a todos xa que cando pedías un simple vaso de auga ou un zumo natural traíancho con gas... nas casa acontecía o mesmo, pero ao segundo día xa estaba todo arranxado e xa che daban bebidas normais. Como se sentirían eles cando estiveron aquí, case ningunha bebida tiña gas!

Moitos alemáns tiñan actividades pola tarde, algúns adicábanse á música, á danza...

practicamente as mesmas actividades que nos gustan a nós. Aquí, os rapaces saímos por Vigo, alí saen por Friburgo, nós imos en bus, e eles en tren. Todo era tan diferente, pero ao mesmo tempo tan similar! Practicamente, o único que nos diferenciaba deles era o alto que falabamos...cousa que nos sorprendeu, xa que en todas as películas poñen aos alemáns como se falasen moi alto e vociferando, pero a realidade era que falaban moi baixiño...

En Alemania, a xente tamén cea moi cedo, e na casa, por suposto! Vai demasiado frío na rúa...¿Pero íamos nós a ceiar na casa? Fomos a un chino (galletas da sorte incluídas), un italiano, xeladerías...

Para durmir, os alemáns só durmían cunha nórdica...como parecía que íamos botar de menos as sabas! Pero, a verdade, é que non se botaban de menos xa que nas casas tiñan as calefaccións moi altas, incluso pola noite, tanto que ás veces non che deixaba durmir...



Outra cousa moi chamativa era que había que quitar os zapatos ao entrar na casa. Isto ten o seu motivo, xa que no inverno, como fóra está todo nevado, quitan as botas cheas de neve na entrada e así evitan mollar toda a casa.

A pesar dalgúns incidentes acontecidos durante a nosa estancia en Alemaña, o tempo que pasamos alí foi estupendo, Pasámolo xenial e todos temos ganas de repetir. Xa o estamos organizando todo para volver alí e que eles volvan aquí, xa que botan de menos a praia. Como para non botala!

O certo é que non queríamos volver do moito que nos divertimos; facíase nos duro pensar na volta á clase e á vida diaria, á rutina... Pero cando volvemos e vimos ás nosas familias, a nosa desesperación por volver aminorouse un pouco, aínda que o primeiro día de clase, cando nos encontrabamos polos corredores comentabamos o que estaríamos facendo nese momento se estivesemos alí, revivindo os momentos, recordando a xente que coñecemos e botándoa de menos ao mesmo tempo...

Unicamente quedamos con ganas dunha cousa...ir ao Aquapark!! Deunos moita mágoa cando nos dixeron que no inverno pechaba polo frío; entristeceunos máis aínda saber que abría de novo un mes despois de que marchásemos...



Pero iso se solucionará a próxima vez que volvamos!

Andrea Pérez (4ºC)

Carlota Acuña (4ºC)

Mara Ríos (4ºA)

# VISITA A ESTRASBURGO



Viaxamos a Estrasburgo o día 19 de Marzo en autobús coa intención de pasar alí o día ata as cinco da tarde. Pola mañá coñecemos a cidade mediante un xogo de orientación que nos obrigaba a preguntarlle á xente como chegar ós sitios indicados. A cidade é moi bonita, é moi cultural e turística; estaba inzada de xente de todos os países; Italia, Francia... Isto explica a cantidade de tendas de recordos e os altísimos prezos das cafeterías ( 3,50€ un botellín de auga!).

Cando rematamos este xogo tivemos tempo libre para xantar e visitar a cidade

por libre. Ás tres da tarde regresamos ao autobús para desprazarnos ao Parlamento Europeo, onde estivemos ata as cinco.

O Parlamento Europeo, é a institución parlamentaria da Unión Europea. . Elixido por un período de 5 anos por sufraxio universal directo, polos cidadáns dos estados membros. O Parlamento Europeo é a expresión democrática de 450 millóns de cidadáns europeos. En canto á estrutura arquitectónica é un edificio grande e, sobre todo, moderno e innovador.

No Parlamento Europeo utilízanse nada menos que 23 linguas oficiais, o que supón un verdadeiro reto lingüístico sobre todo para os intérpretes e tradutores.

Aproximadamente uns 700 tradutores traballan no Parlamento Europeo, e traducen a todas as linguas oficiais varias categorías de documentos.

O cometido dos intérpretes do Parlamento Europeo é transmitir en todas as linguas oficiais e en tempo real, os discursos pronunciados polos deputados.

Mentres que os tradutores se encargan de facilitar as diferentes versións lingüísticas dos documentos, os intérpretes deben ocuparse de que as reunións se desenvolvan como se todos os participantes falasen a mesma lingua.



Marta Sueiro (4ºESO C)

Reyes Rodríguez (1ºBAC B)

Sabela Sanromán (1ºBAC A)

# Viaxe Comenius a Palma de Mallorca

Moitos dos que estabamos no aeroporto para ir a Mallorca non esperabamos gran cousa desa viaxe. O domingo foi un día de aeroporto, de subir e baixar dos avións...Cando chegamos alí esperábanos as familias que nos acollerían. Ao ver que tiñan moita ilusión e boas intencións para nós, sentímonos máis cómodos. Cada un chegou a súa casa,, como estabamos tan cansos o que máis nos gustou da casa foi a cama.



O primeiro día fixemos unhas presentacións na que puxemos un vídeo onde se vía o ambiente do noso instituto e una presentación de imaxes . Máis tarde, cada instituto expuso unhas fotos das que tivemos que falar, para ir coñecéndonos todos, xa que eramos moitas persoas de distintos países: Grecia , Austria, Turquía, Suecia, Palma e Galicia . Nas presentacións falamos un pouco dos nosos costumes, do que adoitamos facer no instituto, e logo puxemos cada país un posto no que exhibiamos cousas típicas da nosa

cultutra, comidas, as figuras de sargadelos, paisaxes típicas de Galicia etc. Todos foron moi amables. Pola tarde leváronnos ao Festival Park, un centro comercial moi coñecido en Palma, ao aire libre, é enorme .Estivemos nunhas boleiras xogando e pasamos toda a tarde alí, conversando e coñecéndonos.

O martes, unha vez chegados todos á escola, collemos un bus, que nos levaría a Valldemossa, unha bonita vila que se atopaba máis o menos a unha hora de distancia. Alí estivemos nunha igrexa bastante grande, na cal o que máis me chamou a atención foron as impresionantes pinturas do teito. Esta igrexa formaba parte dun mosteiro, lugar onde pasou Chopin un período da súa vida. Estivemos na cela que ocupaba, na que había copias das súas partituras, un dos seus pianos, unha escultura do seu busto...

Neste mosteiro tamén vimos unha biblioteca con exemplares moi antigos, ademais dunha antiquísima botica.

Unha vez rematada a visita deixáronnos un tempo libre, que aproveitamos para ir ver a vila pola nosa conta e realizar algunha que outra compra.





Xa todos xuntos volvemos coller o bus e nos diriximos cara a Soller, unha pequena vila, pero tamén bastante bonita, por onde pasaba un tren de madeira que teríamos collido para regresar se non fose porque, á causa das choivas, tiña as vías estragadas. En Soller non fixemos nada que caiba destacar, xa que fomos alí, practicamente a comer a un instituto. Despois de rematar, volvemos en bus novamente a Palma.

Chegamos ao centro; cada un foi cos seus respectivos mallorquíns.

Pola tarde noite, algúns dos galegos e mallorquíns reunímonos e fomos dar unha volta por un parque. Pasado un anaco, e xa fartos de vernos as caras e de aturar ao frío, volvemos ás nosas casas.

O mércores visitamos a cidade pola mañá coa compañía dos profesores de Palma e dos alumnos que acollían á xente nas súas casas; amosáronnos a lonxa, a Catedral, o Concello e o Palacio da Almudaina. Lembro que o primeiro que vimos foi a lonxa, moi semellante ás que hai aquí en Galicia. Ás 12 da mañá tivemos tempo libre.



Voltamos ao colexio pola tarde. Demos unha pequena volta coa xente de alí e máis tarde marchamos ao colexio. Os profesores tiñan preparada unha exquisita cea e, ao rematar, estivemos cantando no “karaoke” . Foi unha festa de despedida moi divertida!

Xa chega o último día; resulta que unha viaxe que non prometía nada, resultou ser unha das mellores. Ninguén quería marchar, pero entre prantos e bágoas, despedímonos.



O último día foi de aeroporto de aquí para alá, subindo e baixando dos avións...

Xa chegamos, e alí nos agardaban as nosas familias de sempre, pero as nosas maletas non chegaron ata o día seguinte!

Patricia Troncoso (4ºA)

Marta López (4ºB)

Andrea Pérez (4ºC)

Oscar Rodríguez (3ºB)




# XV EDICIÓN DE PONTE...NAS ONDAS!

Un ano máis o “Equipo de Normalización Lingüística” puxo todo o seu interese e vontade para elaborar o programa que presentaría á XV EDICIÓN DA XORNADA INTERESCOLAR celebrada o 5 de xuño de 2009.

O tema proposto era OS TESOUROS HUMANOS VIVOS DA EURORREXIÓN.

Ponte...nas ondas! Propúxose como meta o descubrimento e transmisión ás novas xeracións de diversos aspectos da cultura común galego-portuguesa a través dos traballos realizados sobre o Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués.



A UNESCO define os “Tesouros Humanos Vivos” como *individuos ou colectividade que posúen en sumo grao os coñecementos e técnicas necesarias para interpretar ou recrear determinados elementos do patrimonio cultural inmaterial*. Poden ser artesáns, músicos, contadores, persoas ou



comunidades que conservan tradicións e expresións orais, rituais, festas...

O obxectivo é preservar eses coñecementos ou técnicas, lograr que se sigan a desenvolver e que se lles transmitan ás seguintes xeracións.

Así fomos na procura dos nosos tesouros. E atopámoslos! Demos con eles nas figuras de Jesús López Méndez, “Susó”, presidente da Confraría de pescadores de Baiona, e de Xosé Lois Vilar, historiador, arqueólogo, membro do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) e autor do libro: *A talasonimia do Sur de Galicia*.

Ambos os dous tiveron unha longa conversa connosco e reveláronnos certos misterios dos nomes do mar, os talasónimos, como algúns dos motivos que os fan nacer: as marcas, os fondos e os naufraxios. Todo un descubrimento para nós.

Penso que o resultado foi un programa interesante que se non o vistes na xornada do 5 de xuño, poderedes atopalo, en breve, na páxina web do noso instituto ou en [www.pontenasondas.org](http://www.pontenasondas.org).

E non podo rematar sen agradecer a implicación desinteresada dos nosos alumnos neste traballo: Patricia Troncoso, Clara Dubois, Cristina Carbajal, Inés Cadórniga na realización das entrevistas e gravación; José Amoedo e Sara Tojo, nas voces do programa; Laura Vilas, Candela Peña, Cristian Pregel, Ainoa e Silvana Silveira, na elaboración das preguntas para os entrevistados. Moitas grazas polo voso “saber facer”.

Grazas, por suposto, tamén a Fernando García, “Tito”, polas horas que meteu na montaxe. Vendo o resultado, penso que pagou a pena o esforzo de todos.



Teresa Grande



## O Sétimo Selo

Esta película foi rodada no 1956, interpretada por Max Von Sydow, Gunnar Bjornstrand, Nils Poppe, Bibi Andersson é dirixida por Ingmar Bergman.

Trata sobre un cabaleiro, Antonio, que volve a Suecia despois de 10 anos nas Cruzadas, e o panorama que atopa son visións terribles de enfermidades como a pandemia da peste. A Morte aparece para levar con ela aos habitantes do seu pobo, pero este decide retalo a unha partida de xadrez, coa que se salvará se gaña a partida. Aínda que sabe que non vai gañar, aproveita o tempo para demorar e descubrir o que lle esperará despois da morte.


Eu creo que cada personaxe ten unha visión distinta da morte, o cabaleiro que busca incansablemente respostas, mentres que o escudeiro non cre que despois da morte haxa ceo ou inferno, senón que intenta gozar o máximo posible porque non cre na vida despois da morte. Isto reflicte as diferentes concepcións que temos na actualidade sobre a morte.

Eu estou máis de acordo coa visión do escudeiro respecto da morte, que despois da vida non hai nada máis e por iso debemos gozala na maior medida posible.

A película non tivo moito éxito entre os alumnos de 4ºESO, pero eu creo que foi pola maneira na que enfocaba estes tema, dun xeito pouco ameno e atractivo para xente da nosa idade.




# CÓMICS






# CAVIBAL LETTER
















FIN

# O CAMIÑO



Estes son Mario e María. Viven na Coruña e son compañeiros. Teñen 2 meses de vacacións e non saben que facer.

Non saben con que divertirse.

Discuten o que farán



Mario xa empezará a imaxinar...




María dáse conta de que ela tampouco ten ningunha idea.



Pero córréselle algo: Facer o Camiño de Santiago!



Mario accede



Prepárase para a viaxe



Mario está seguro pero...



Deixou a tele acendida!



Emprenden a viaxe



Mario di que esta causo, pero segue camiñando...



Mario négase a seguir camiñando




María ensínalle o cerca que están




A televisión seguía acendida !!



Pidenu chave para dormir unha noite.



Encontran a habitación e durmeu unha noite.



Ao rematar, Mario e María devolveu a chave e segue a ruta.




Empezan a camiñar caudo...



Mario fropeza cunha pedra e cae.





Premio 1º ESO: O Home de ideas ingeniosas – Aarón Siebert Sio

Premio 2º ESO: O Camiño – Ricardo Esteban González

Premio 3º ESO: Canibal Letter – María Pazos e Ana Rial

## Lisboa.

Todo comezou a mañá do 31 de Marzo, prometiámonos felices; nada podía saír mal, malia algunha que outra baixa de última hora e os típicos nervios que caracterizan as horas previas das viaxes. Estabamos desexosos de que o bus arrincase para unhas minivacacións na bonita Lisboa e todos faciamos unha pequena previsión de como se desenvolvería a nosa aventura. Cinco horas e media, 470 km, separábnos da capital lusa. Trala parada obrigada nunha área de servizo para comer e descansar un momento, proseguimos o camiño. Xa quedaba menos.

Hora e media máis tarde chegabamos a Lisboa. Primeira parada: o hotel Portugal, na Rúa João das Regras preto da Praza do Rossio. Despois de descargar maletas, repartir cuartos e demais trámites (todos eles levados a cabo polos nosos dous titores, Reguera e Rexina) comezaba o *tour* turístico pola cidade.

Coa intención de coñecer un pouco percorremos A baixa, O chiado, Barrio Alto, o Xardín de São Pedro de Alcantara (Dende onde se avistaba unha bela panorámica da cidade) e numerosas prazas como a de Restauradores, Dom Pedro IV, a Do Comercio, que, debido a obras de restauración, non puidemos ver na súa totalidade pero na que si puidemos apreciar o imponente Arco Triunfal da Rúa Augusta.

Durante a visita guiada polo centro, entramos nunha tenda onde incorporamos á nosa documentación un carné de transportes totalmente necesario.

A tarde concluíu cun tempo libre para movernos ao redor do noso novo hábitat natural. Máis tarde, xa entrada a noite, fomos cara ao que sería o noso próximo restaurante nocturno habitual. Alí, ese mesmo día, nos sorprenderían cun exquisito *frango*. O día finalizou cun último toque, un pisco-labis na Praza de Restauradores; a cousa non foi a maiores polo noso claro estado de esgotamento. Fora un día duro.

Ás 8:30h. da mañá comezaba un novo día en Lisboa. Almorzariamos e preparariámonos no hotel. Ás 10h. deberíamos presentarnos nun pequeno salón para organizar as actividades: visitar museos era o plan establecido por RR (Reguera e Rexina). O Museo Calouste Gulbenkian era o elixido. Nese momento Darwin acaparaba todo o protagonismo (polo bicentenario da súa morte e 150 aniversario da publicación da *Orixes das especies*). Foi moi interesante e construtivo (obxectivo da visita), despois de coller o metro e o tranvía chegamos ao Centro Galego de Lisboa, onde o señor Miguel Seco nos daría un cálido recibimento. Xantamos no restaurante do Centro Galego e dedicamos a tarde ao descanso, trala activa mañá. Parte do grupo visitou, acompañados por Reguera, o Parque Eduardo VII e a súa coñecida Estufa Fría, onde a diversidade botánica era ampla. A outra parte do grupo visitou o centro comercial Colombo (o máis grande de Europa). Ambas as dúas visitas prepararon os nosos estómagos para a correspondente cea no restaurante onde quedáramos tan contentos a noite anterior. Despois da cea o noso corpo non soportaba máis e a óptima decisión era toda aquela relacionada co descanso, con vistas aos próximos días.

Outra mañá en Lisboa ao mesmo ritmo pero diferente programación. O destino do 2 de Abril era o Museo de Artes Decorativas; alí aprendemos como era a vida da aristocracia portuguesa do século XVIII e visitamos o edificio taller onde se preparaba e creaba novo

mobiliario da época, ben para a venda ou ben para o museo. Ao chegar a hora do xantar o grupo dividíuse: algúns optamos por sucumbir diante das delicias do “bacallao portugués”, sempre de fantástica calidade. Outros optaron por un rápido e máis económico xantar. Despois de comer e de descansar nunha pequena praza próxima ao museo, dirixímonos ao Castelo de São Jorge, fortificación musulmá, unha inmensa historia que se ergue en posición dominante sobre o máis alto outeiro do núcleo histórico, proporcionando as mellores vistas de Lisboa. Alí pasamos parte da tarde, e o resto do tempo dedicámolo ao descanso. Xa entrada a noite dirixímonos ao restaurante que se caracterizaba pola súa boa comida e mellor atención. Era a nosa última noite así que decidimos adicarlle tempo á festa e ao gozo sen pararnos a pensar nas consecuencias, que xa pouco importaban.

Último día na cidade de Pessoa, Vasco de Gama e Amalia Rodrigues, entre outros moitos personaxes e bonita onde as haxa.

Non había ningunha queixa; todo eran cumpridos para unha das cidades de moda de Europa que tan ben nos recibira e tratara. Belem foi o noso último destino. Alí descubrimos o máis puro estilo da arquitectura manuelina, demos un paseo pola zona e, continuando a pegada da arte característica portuguesa, visitamos o Mosteiro Dos Jeronimos. Como esquecernos desta xoia da arquitectura gótica tardía e renacentista?.

Ao mediodía o grupo viuse envolto nun halo de tristura e melancolía, debiamos partir para a nosa terra.

**¡Adeus Lisboa!**



# II OLIMPIADA GALEGA DE QUÍMICA PARA ALUMNOS DE ESO



O pasado 24 de abril celebrouse a **Fase de Zona da II Olimpiada Galega de Química para alumnos de ESO**. Neste certame, e por segundo ano consecutivo, o noso centro estivo representado polos alumnos e alumnas de 4º de ESO, **Diego Bote, Inés Cadórniga, Clara Dubois, Rodrigo Mariño, Medea Müller, Sara Vázquez e Laura Vilas**.

Unha vez máis, quero agradecerlles a todos eles a súa vontade para participar nesta proba, así como o esforzo que fixeron para prepararse, xa que os contidos de Química que estudan son os de 3º e 4º de ESO.

Tamén vai dende aquí, o agradecemento a todos os profesores e profesoras que nas súas horas de clase, permitiron a estes alumnos acudir a clases de química para preparar esta proba.

Todo este esforzo se viu recompensado coa clasificación de dúas das nosas alumnas, **Inés Cadórniga e Sara Vázquez**, para participar na **Fase Final** deste certame, xunto con outros setenta rapaces e rapazas de toda Galicia. Esta proba celebrouse o pasado 22 de maio na Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela, foi unha proba bastante difícil para desenvólvela en dúas horas, pero a alta preparación de todos os participantes fixo que aprobasen 64 de todos os presentados, incluídas Inés e Sara que estiveron entre os vinte primeiros clasificados, e aínda que non obtiveron medalla, que dúbida cabe que, de calquera xeito, son gañadoras polo seu esforzo e dedicación; pero tamén, por ese saber estar en todo momento, por non poñer nunca malas caras, por sorprenderse con cousas tan sinxelas como pasear pola Facultade de Química de Santiago, por ver “sublimar o xeo seco”, por comer xunto aos demais rapaces nun comedor de estudantes universitarios ou por recibir un Diploma e un agasallo na Aula Magna da Facultade de Química nun acto institucional.

Por todo isto, grazas!. Grazas a Diego, Inés, Clara, Rodrigo, Medea, Sara e Laura.

É un verdadeiro pracer transmitirvos coñecementos, pero, é máis gratificante poder compartilos con todos vós.

Un saúdo, Paloma.



### Miniolimpiada de química.

Pareceume unha experiencia moi positiva e interesante. Tanto na fase de zona, na universidade de Vigo, coma na final, na de Santiago, o trato foi moi amable e a organización moi boa. Foi un ambiente moi agradable e nada competitivo, e, sobre todo na final, coñecemos a alumnos novos durante os experimentos que realizamos no laboratorio. Tamén en Santiago, os alumnos de Bacharelato dun instituto da cidade realizaron unhas experiencias moi interesantes para nós. Por último, durante a cerimonia de entrega de premios entregáronse tamén os premios da Olimpiada de Bacharelato e, finalmente, os tres premios da mini Olimpiada.

Creo que todos os que participamos quedamos moi satisfeitos do resultado, esforzámonos moito e pasámolo moi ben.

Tamén temos que agradecerlle a Paloma, a nosa profesora, o seu esforzo por prepararnos fóra do horario de Física e Química e levarnos ás convocatorias.

Inés Cadórniga

4º ESO

# ATA LOGO, FERNANDO!!

E...váisenos. O profesor de lingua e literatura castelá, Fernando Bartolomé, xubíbase, deixa a docencia.

Levamos uns dezaseis anos compartindo con el, como xefe de seminario: reunións, traballo, cine, poesía e, por suposto, unha grande amizade. Lembramos as rutas valleinclanescas, Cela, Rosalía... O curso de verán *Muller e Literatura* de setembro do 97, en colaboración cos concellos de Nigrán, Baiona e Gondomar (no que foi vital a adicación doutro compañeiro que nos deixa, Agostiño Nieto), o cuarto centenario da publicación de *El Quijote de la Mancha*, as celebracións do "Día do Libro", das "Letras Galegas" (colaborando sempre co seminario de galego), saídas ao teatro, encontros poéticos, visitas aos museos... sempre feitos baixo a súa dirección con SABEDORÍA ACADÉMICA, ledicia e moita, moitísima vitalidade que nos contagiaba ao resto do seminario e ao alumnado.

Desexámoste que sexas moi feliz nesta nova etapa da túa vida. Déixasnos un gran baleiro pero sabemos que nós e o alumnado poderemos seguir contando contigo para novos eventos, por iso a despedida non é tan triste, é máis ben un ATA LOGO!!

Seminario de lingua e literatura castelá



# Buratos negros, curiosidades sobre eles.

Neste artigo hai respostas a preguntas habituais sobre os buratos negros.

Os buratos negros defínense como corpos celestes cunha gran masa que lles proporciona un gran poder de atracción gravitatoria, tan intensa que nin a luz escapa da súa atracción.

## **A que se debe o nome de “buratos negros”?**

As cores que perciben os nosos ollos son os reflexos das ondas de luz visible que chegan aos nosos ollos. A cor branca é resultado do reflexo de todas as ondas de luz visible. Os obxectos negros, pola contra, absorben todas as ondas. Os buratos negros posúen unha gran forza gravitatoria e absorben todos os fotóns polo que non reflicten ningún tipo de luz visible para o ollo humano.



## **Son os buratos negros “pasadizos” a outras partes do universo?**

Até o de agora só temos constancia de que isto ocorra nas películas de ciencia ficción. Só temos constancia de que a materia que entra nun burato negro colapsase. Se a Terra fose atraída por un burato negro, o seu volume, se reduciría ao tamaño dun gran de area, pero a súa masa seguiría sendo a mesma. As teorías de que os buratos negros conducen a outras partes do universo é máis probable que sexa mentira, ademais, eses supostos “pasadizos” xa teñen nome, os “buratos de verme”.

Até o de agora só temos constancia de que isto ocorra nas películas de ciencia ficción. Só temos constancia de que a materia que entra nun burato negro colapsase. Se a Terra fose atraída por un burato negro, o seu volume, se reduciría ao tamaño dun gran de area, pero a súa masa seguiría sendo a mesma. As teorías de que os buratos negros conducen a outras partes do universo é máis probable que sexa mentira, ademais, eses supostos “pasadizos” xa teñen nome, os “buratos de verme”.

## **Como se perciben os buratos negros se non emiten luz?**

Os buratos negros podemos percibilos a través de radiotelescopios cos que se poden captar ondas de radio. Grazas a este instrumento podemos percibir e observar as radiacións de frecuencia que emiten os buratos negros.



Pablo Dasilva Garrido (1ºbac A)


Benjamín M. Cabaleiro Figueroa

# DARWIN PRESENTE EN TODOS

(LAURA VEIRO VARELA B1ºB)

Aínda que non pareza real o bicentenario de Darwin, está presente ata nas pasarelas.

Todos sabemos que temos un ancestro común cos monos, pero despois de 150 anos, esta afirmación aínda causa faladurías debido a que se damos por válida esta afirmación, entón non podemos dicir que existe unha figura divina na creación do home.



Para celebrar esta data organizáronse moitos actos, por exemplo: termináronse os labores de restauración no caserón Down House, onde viviu Charles Darwin máis de 40 anos; reeditouse *A Orixe das Especies*; publicáronse numerosas e meticulosas biografías de Darwin; en Alemania o Schirn Kunsthalle de Frankfurt organiza unha gran exposición (*Darwin art and the search of origins*), etc. e este outono estrenárase a película *Creation*, con Paul Bettany e Jennifer Connolly na pel do matrimonio de Darwin.

Pero Darwin tamén está presente na pasarela, o mellor exemplo disto é na pasarela de Alexander McQueen, con estampados orgánicos, motivos herbais, creacións que asemellan lagartos, paxaros, aves tropicais ou insectos... O deseñador á parte de insertar plumas, estampados de pitón ou tigre e texturas que recordan á corteza das árbores, chegou a ambientar o seu desfile como se se tratase dunha exposición da orixe evolutiva da biodiversidade do Museo de Ciencias Naturais.

Tamén destacan outros deseñadores como son, Junya Watanabe, Dior, Prada, Gucci, Lavin e moitos máis. Todos eles celebrando o bicentenario de Darwin e a súa teoría.



LAURA VEIRO VARELA

1º BACH.B

# A nanotecnoloxía

Antes de nada, para poder comprender o que é a nanotecnoloxía teríamos que explicar o significado do prefixo “nano”. Este prefixo grego é unha dimensión: 10 elevado a -9, ou sexa, para facernos unha idea cómpre saber que nun milímetro hai un millón de nanómetros. Tamén aclara o seu tamaño, 5 átomos en liña suman un nanómetro. Do máis salientable e asombroso é que as bacterias e mailas células son demasiado grandes para ser manipuladas a esta escala.

O aspecto máis relevante da nanotecnoloxía é que abre a posibilidade de crear materiais a medida, que presenten unhas propiedades determinadas e diferentes das que terían a tamaño visible. Para entender a capacidade da nanotecnoloxía débese ter en conta que as propiedades de todos os materiais cambian a escala nanométrica (a condutividade eléctrica, o magnetismo...), é dicir, **as propiedades dependen do tamaño**. Por outra banda, no deseño de materiais é fundamental entender que as propiedades dependen de como estean dispostos os átomos. Así por exemplo, se recolocamos os átomos do grafito (composto por carbono) dunha mina de lapis podemos facer diamantes (carbono puro cristalizado). Se recolocamos os átomos da area (composta basicamente por sílice) e agregamos algúns elementos máis, fanse os chips dun ordenador. Esta “fabricación molecular” é o motivo polo que á nanotecnoloxía tamén se lle chame Enxeñería de nanosistemas (máquinas a escala nanométrica). A clave está na manipulación dos átomos: se coñecemos as propiedades dos átomos, estes poden ser organizados dun xeito determinado, un a un, coma un LEGO. Obteremos novos materiais cunhas propiedades específicas que non teñen por que existir na natureza. Polo tanto a nanotecnoloxía ten a capacidade de poder crear “ferramentas” a escala diminuta con propiedades específicas.

Sen embargo, a un nivel práctico, aínda non se introduciu a nanotecnoloxía nas fábricas. Unha excepción é, por exemplo, a utilización de nanotubos para a iluminación dos estadios nos EEUU. En Xapón, os paneis luminosos tamén se fabrican a partir de materiais semicondutores con nanoestruturas. Como é sabido, as lámpadas perden unha cantidade de enerxía enorme en forma de calor (arredor do 80% nunha lámpada convencional e algo menos nas de tubo). A aplicación desta tecnoloxía viría representar un aforro moi importante. Tamén se está a investigar para incorporar a mesma tecnoloxía as pantallas planas dos ordenadores ou televisores, pola súa capacidade como condutores e emisores de electróns.

Como nano é un prefixo grego que indica unha medida, non un obxecto, a nanotecnoloxía non é unha rama da ciencia que se dedique ó estudo dun tipo de fenómenos en particular, senón que é un campo do máis variado e unido unicamente pola escala da materia coa que traballa. Deste modo, distintos campos das ciencias naturais coordinanse baixo o nome de nanotecnoloxía. Por exemplo, a Física xoga un papel fundamental, non só na construción do microscopio electrónico (que nos permite ver a escala case atómica), senón tamén no desenvolvemento da mecánica cuántica, que permite o estudo da materia a nivel molecular. Por outra parte, a química é imprescindible para o deseño da estrutura do material desexado. En medicina, o desenvolvemento de determinadas nanopartículas promete axuda ó tratamento de certas enfermidades. Podemos concluír que a ciencia acadou un punto no que **as fronteiras que separan as diferentes disciplinas empezan a desaparecer**.

# A RECONQUISTA

## CONMEMORACIÓN DA RECONQUISTA DE VIGO (1809)

O día da reconquista de Vigo conmemora a expulsión das tropas napoleónicas que ocorreu o 28 de marzo de 1809. Está moi próximo dos 200 anos e é dos iconos principais de Vigo; con isto pretenden que os vigueses sintan a entrega e o amor á súa cidade.

O acontecemento, foi a culminación de feitos históricos que se iniciaron o 31 de Xaneiro dese ano, coa chegada dos franceses.

O 1 de Febreiro, coa suma do continxente de invasores, Vigo xa non tiña nada que facer contra os franceses. O 15 de Febreiro o mariscal Soult chegou a Vigo para invadir Portugal. A situación mellorou até que quedaron tan só 1000 soldados. O 24 de marzo o pobo xa non aguantaba máis tras dúas semanas sen pan nin alimentos. Ao día seguinte abriron as portas a certas horas.

Os franceses desmoralizados, sabotados polos veciños, decidiron entregar a praza o 28 de marzo. Ao amencer tiraron coa bandeira branca, pero iniciaron a refrega. Atacaban dende todas as posicións posibles. A rendición dos franceses sélase coa entrega de máis de 1400 soldados.

Borja Pena Nóvoa  
4º ESO



# Pasatempos matemáticos

## A EIRUGA E O LAGARTO

A eiruga pensa que tanto ela como o lagarto están tolos. Se o que cre o cordo é sempre certo e o que cre o tolo é sempre falso, está tolo o lagarto?



Autor: Lewis Carroll



## ELECCIÓN

Antonte tiña 15 anos, pero o ano que ven poderei votar. Que día son as eleccións ?

## SERIE

Que número segue na serie formada por

1,2,6,42,1806, ¿ --- ?

Pon os signos matemáticos necesarios para obter o resultado

1    1    1 = 6  
 2 + 2 + 2 = 6  
 3    3    3 = 6  
 4    4    4 = 6  
 5    5    5 = 6  
 6    6    6 = 6  
 7    7    7 = 6  
 8    8    8 = 6  
 9    9    9 = 6

|    |    |   |    |
|----|----|---|----|
| 8  | 17 | 9 |    |
| 10 | 2  | 1 | 11 |
| 2  | 1  | # | 13 |
|    | 4  | 6 | 2  |

Que número ten que substituír a # ?

|    |    |    |    |
|----|----|----|----|
| 15 | 3  | 2  | 13 |
| 5  | 10 | 12 | 8  |
| 9  | 6  | 7  | 11 |
| 4  | 16 | 14 | 1  |

Tes que cambiar catro números para que cada liña horizontal, vertical e diagonal sume 34.

Un triángulo equilátero e un hexágono regular teñen perímetros da mesma lonxitude. Se o triángulo ten unha superficie de dúas unidades cadradas, que área ten o hexágono?

# O sistema escolar alemán

O colexio co que realizamos o intercambio era un *Gymnasium*, a máis completa das tres escolas de secundaria alemá. No *Gymnasium* estudaban alumnos de entre 11 e 18 anos, ademais eran moitos máis que no noso instituto.

O sistema educativo alemán é, nun principio, o mesmo para todo o país, asemade cada un dos estados federais ten as súas particularidades. En Alemaña predominan as escolas públicas.

A educación preescolar (*Kindergarten*), vai dos tres aos seis anos e é opcional

A educación primaria dáse nunha *Grundschule*, a partir dos 6 anos, é igual para todos os nenos, e dura, xeralmente, catro anos. Na escola primaria os alumnos non teñen notas nos dous primeiros anos, xa que o obxectivo é o seu desenvolvemento intelectual, e non facelos aprender moito. Os profesores falan cos pais e examinan oralmente ós alumnos. Polo xeral non se pode repetir curso.

A educación secundaria divídese nos niveis secundarios I e II. No sector secundario I os alumnos sepáranse, segundo as súas capacidades, en tres escolas distintas. Os criterios para seleccionar ós alumnos son as notas acadadas na escola primaria e a recomendación do profesor que tivesen alí.. O nivel II fórmano os dous ou tres últimos anos de *Gymnasium*. As tres escolas son as seguintes:



Unha das dúas zonas nas que pasaban os alumnos os recreos



A Maioría dos alumnos ían en bicicleta a clase

industria e o sector servizos.

- O *Gymnasium* dura entre oito e nove anos e ao rematalo pódese acudir á universidade. Esta escola inclúe o sector secundario I ata o quinto grao e o II dende o 5to grao ata o remate. Así, o sistema escolar alemán ten unha duración total de doce ou trece anos, dependendo do estado, para os alumnos de esta escola. Hoxe en día, a maioría dos nenos asisten ó *Gymnasium*, xa que este ofrece máis posibilidades profesionais.

- A *Hauptschule* representa o nivel máis básico de estudos do nivel I e dura cinco anos. Este tipo de escola prepara ó alumno dende o comezo para unha formación profesional. É por iso que as materias impartidas na *Hauptschule* son máis ben obradoiros e actividades manuais.
- A *Realschule* dura seis anos. Nela os alumnos reciben unha educación xeral de nivel intermedio. Neste tipo de escola cóbrese a demanda de traballadores mellor preparados para a

Sara Vázquez Tojo (4ºESO B)  
José María Costas(1ºBAC B)

# ADIVIÑA QUEN É QUEN





# BOA SORTE, AGOSTIÑO!

Era o curso 1990-1991. O departamento de galego estaba constituído por Paz, Agostiño e eu, Teresa. Foi o meu primeiro curso no IES Val Miñor; momentos de iniciación, de primeiros pasos. Paz marchou e viñeron outros compañeiros de departamento. Ao longo dos anos fóronse sucedendo uns e outros. Pero durante vinte anos o noso departamento tivo unha constante: Agostiño.

Moitos proxectos xurdiron da súa iniciativa como xefe de departamento ou como coordinador de Normalización Lingüística: o nacemento do primeiro número da *Touba do Brión*, a idea de participarmos en *Ponte...nas ondas!* con programas de radio, o aproveitamento do cine como recurso didáctico, a visita ao noso centro de figuras destacadas da cultura galega –Xosé Miranda, Agustín Fernández Paz, Xabier Queipo, Méndez Ferrín, María Gándara, Francisco Rodríguez, Franco Grande...-

Ademais, construíu e cantou maios, asou castañas, baleirou cabazas cos alumnos; até recolleu lixo do patio cos seus grupos, procurando que tomasen conciencia da necesidade de coidar o noso centro. Cantou vilancicos de Nadal, recitou e fixo recitar poemas nas Letras Galegas...



Foi un activo colaborador como membro do departamento de galego e como compañeiro do IES Val Miñor.

No emotivo acto de clausura, que se celebrou para despedir aos alumnos de 2º Bac o pasado 29 de maio, Agostiño tomou a palabra e regaloulles aos futuros estudantes universitarios dous consellos, dous piares que el considera claves para calquera percorrido vital: *esfuerzo e lealdade a un mesmo*. Dous esteos aos que, sen dúbida, el é fiel na súa propia traxectoria de vida.

Xuntos aprendimos a profesión; moitas veces dura, outras, gratificante. Nos peores momentos compartimos conversas de desafogo mutuo; compartimos tamén lecturas, ilusións nos proxectos planeados... durante os dezaioito anos nos que tiveron o pracer de pertencer ao seu mesmo departamento.



Agora decidiu probar sorte noutros “lares”. O curso que vén xa non estará connosco. Porén aquí, entre alumnos e compañeiros, queda a pegada que foi labrando durante todos estes anos. Tarefa difícil esquecelo!

Non dubidamos que terá sorte e que creará o seu sitio no novo destino, como aquí ben o soubo facer.

Compañeiro Agostiño, desde o departamento de galego: SAÚDE E TERRA!

# 1° E.S.O. A



# 1° E.S.O. B



# 1º E.S.O. C



# 2º E.S.O. A



## 2° E.S.O. B



## 3° E.S.O. A



# 3° E.S.O. B



# 3° E.S.O. C



# 4º E.S.O. A



# 4º E.S.O. B



# 4° E.S.O. C



# 1° BAC. A



# 1° BAC. B



# 1° BAC. C





## 2° BAC. A



## 2° BAC. B



# 2° BAC. C



